

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezaoito de decembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)” – EXPEDIENTE PASS-O 1/2023

De conformidade co establecido na cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO

MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIÁ DE CAMBA)”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIÁ DE CAMBA)” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

3.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO

Con data 2 de xaneiro de 2023 (RE núm. 6) Don Ezequiel Fernández Bardelas, traballador laboral temporal do Concello coa categoría de condutor do camiión de recollida do lixo, presentou minuta asinada para o recoñecemento de oitenta (80) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2022. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde precedente Don Rubén Perfecto Quintá Quintá, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2023, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de oitenta (80) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de decembro de 2023.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 14/12/23, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo alcalde en funcións Don Alberte Lamazares Casero, con data 15/12/23, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as

regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Nadal Rodeiro 2023*”, entre os días 22 de decembro do corrente e 5 de xaneiro de 2024, ambos inclusive, ao contratista ADRIÁN NOVOA RODRÍGUEZ, con DNI núm. [REDACTED], e con domicilio en San Cibrao das Viñas (Ourense), ao prezo de MIL CATROCENTOS CINCUENTA EUROS (1.450,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

5.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES DE SUBMINISTRACIÓNS

A/

Por resolución de data 9 de novembro do corrente (DOG núm. 218, do 16/11/23), a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia concedeu unha subvención ao Concello, por importe de 69.291,00 €, para o investimento denominado “*Adquisición de equipamento: Punto Limpo Móbil*”, ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2023 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva para os anos 2023 e 2024 (DOG núm. 148, do 04/08/23).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa á “(...) *xestión dos residuos sólidos urbanos*”,

segundo o establecido no artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), constituíndo a recollida de residuos un servizo mínimo obrigatorio en todos os concellos (artigo 26.1 a) da LRBRL); así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático con cargo á subvención referida, correspondente á anualidade de 2023.

Debidamente informados de canto antecede, e xustificando no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de subministro consistente na adquisición dos seguintes equipamentos:

- ✓ Subministro de caixa auxiliar basculante con baldas laterais altas de rexilla, para recollida de residuos voluminosos e RAEEs, compatible con vehículo Pick Up e con sistema de anclaxe para gancho multilift, incluída rotulación indicada polo Concello.
- ✓ Subministro de colectores para interior de punto limpo móbil (6 colectores de 240 litros e 7 caixas pvc de 60x40x27 cm.).

á sociedade VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Bergondo (A Coruña), ao prezo de NOVE MIL CENTO NOVENTA E SEIS EUROS (9.196,00 €), IVE incluído, con estrita suxeición á memoria técnica redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- O prazo límite de entrega en destino do equipamento adquirido remata o día 28 de decembro do corrente

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 162/634 do presuposto en vigor.

B/

Por resolución de data 9 de novembro do corrente (DOG núm. 218, do 16/11/23), a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia concedeu unha subvención ao Concello, por

importe de 58.935,49 €, para o investimento denominado “*Melloras do Punto Limpo de Rodeiro*”, ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2023 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2023 e 2024 (DOG núm. 148, do 04/08/23).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa á “(...) *xestión dos residuos sólidos urbanos*”, segundo o establecido no artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), constituíndo a recollida de residuos un servizo mínimo obrigatorio en todos os concellos (artigo 26.1 a) da LRBRL); así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático con cargo á subvención referida, correspondente á anualidade de 2023.

Debidamente informados de canto antecede, e xustificando no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de subministro consistente na adquisición do seguinte equipamento:

- ✓ Colector estanco para recollida de produtos téxtiles, de segunda man reacondicionado, modelo tipo Wippy Xuquer, cun volume útil interior de 2,5 m³.

á sociedade **TEXLIMCA S.A.**, con CIF núm **[REDACTED]**, e con domicilio social en Alzira (Valencia), ao prezo de **MIL SETENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (1.076,90 €)**, IVE incluído, con estrita suxeición á

memoria técnica redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- O prazo límite de entrega en destino do equipamento adquirido remata o día 28 de decembro do corrente

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 162/633 do presuposto en vigor.

6.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- José Luís Fernández López

VISTA a instancia presentada por Don JOSÉ LUÍS FERNÁNDEZ LÓPEZ, con DNI núm. ██████████, veciño do lugar de Laxas, parroquia de Pedroso (RE núm. 2000, do 15/12/23), pola que solicita autorización municipal para a instalación dunha canle de abastecemento de auga para uso agropecuario, para o que precisa do cruce pola estrada municipal Pedroso-Maceira, á altura das parcelas 593 e 196 do polígono 55 do catastro de rústica, segundo plano achegado. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Primeira.- A canle deberá ser colocada a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte do solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo

Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa do solicitante.

7.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa María Beleda Presas e Dona María Ángeles Pampín Expósito, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais en diferentes datas do mes de decembro de 2023 e xaneiro de 2024. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Trballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ VANESSA MARÍA MIRANDA OURO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 26 de decembro do corrente e 5 de xaneiro de 2024, ambos inclusive, en substitución de María Ángeles Pampín Expósito.
- ✓ ANA ISABEL MOURIÑO LALÍN, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (27,5 horas/semana), entre os días 20 de decembro do corrente e 4 de xaneiro de 2024, ambos inclusive, en substitución de Rosa María Beleda Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Carmen Diéguez Calvo, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, causo baixa laboral por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común, o día 11 de decembro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023,

establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ BEATRIZ SENRA DOBARRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), durante o tempo que dure a situación de baixa laboral por IT da traballadora María Carmen Diéguez Calvo.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- CONCESIÓN DA SÉTIMA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 16 de marzo do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €)

para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 23/02/23. Con data 26 de maio do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 878, do 30/05/23).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, con data 18/12/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Deixar sen efecto, á proposta dos Servizos Sociais municipais, as concesións de axudas de emerxencia á beneficiaria Nikol Daniela Pabón Flórez, acordadas por este órgano na sesión celebrada o día 30 de novembro do corrente.

Segundo.- Conceder a sétima quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coas contías e destinos que se especifican:

Gasto de investimento

BENEFICIARIA	NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	327,00 €	Adquisición de electrodomésticos básicos (radiador e deshumidificador)
████████████████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	85,00 €	Adquisición de electrodoméstico básico (estufa)

Gasto corrente

BENEFICIARIO/A	DNI/NIE/PAS	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	181,50 €	Pagamento de recibos (medio remolque de leña)
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	300,00 €	Uso da vivenda (gastos de alugueiro)
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	558,90 €	Pagamento de recibos (gasóleo calefacción)

Terceiro.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Cuarto.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2023. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2024. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da axuda outorgada ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 228,84 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 23A/1672 (FACe).
- E.S. ATENEO S.L. 1.018,50 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2023/FD/001045 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 223,85 € E 526,77 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA74H0001514 e TA74H0001515 (FACe).

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,50 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-L3DD-005183 e 28-H3U1-106516 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 246,76 € E 44,37 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de novembro de 2023, s/facturas núm. 4003848561 e 4003857422 (FACe).
- MARÍA ELENA JORGE MATO 99,58 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ISAURA ÁLVAREZ GIL 40,00 €
Por subministro de material diverso para o programa municipal “O espertador”, s/factura núm. 749.
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 2.449,79 €
Por prestación de servizo de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de novembro de 2023, s/factura núm. A/133 (FACe).
- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 93,24 €
Por prestación de servizo de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de novembro de 2023, s/factura núm. A/132 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 67,10 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de novembro de 2023, s/factura núm. 23ZNX0252014 (FACe).
- SILVIA GRANJA PEREIRA 87,00 €
Por subministro de diverso material para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 67/23.

- R.M. PRINT GALICIA S.L. 222,64 €

Por confección de fotos en cartón pluma para o concurso fotográfico “A muller rural: de onte e de hoxe”, s/factura núm. A/2023282.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as doce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)